



## IV PREMIO OFELIA DEVEESA DE EDUCACIÓN ACTIVA

O IES Arcebispo Xelmírez II de Santiago de Compostela convoca o IV Premio Ofelia Devesa de Educación Activa, que ten como finalidade promover a investigación, a divulgación e a creatividade entre o alumnado de Educación Secundaria e Bacharelato.

### Bases

1. Poderá participar o alumnado que estea matriculado no IES Arcebispo Xelmírez II no presente curso académico 2018-2019.
2. Neste curso 2018-2019 convócase o Premio na modalidade de PRODUTO AUDIOVISUAL, para traballos de 5 minutos de duración como máximo, focalizados neste tema:

### DIVULGACIÓN DO COÑECEMENTO

3. Os produtos audiovisuais darán a coñecer algún aspecto de calquera campo do saber, desde os máis técnicos ata os sociais e/ou humanísticos, non “ao modo tradicional” senón sendo as/os participantes os propios protagonistas.
4. Valorarase de xeito especial non só o interese da idea que se divulga senón tamén a creatividade, a claridade expositiva e o rigor científico.
5. O material debe ser orixinal, creado especificamente para o concurso. Non poderá subirse nin difundirse por ningunha rede social ata que non se teña emitido o fallo por parte do xurado. Se o vídeo contén música, esta deberá estar libre de dereitos.
6. Soporte. Os produtos audiovisuais presentaranse nun lapis de memoria, que quedará a disposición do Instituto, nos formatos máis habituais.
7. A lingua empregada nos vídeos será o galego.
8. Participantes. Poderán presentarse traballos audiovisuais de maneira individual ou en equipo formado por un máximo de 3 persoas.
9. Premios. Establécense dúas categorías:
  - Primeira: alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO.
  - Segunda: alumnado de 4º de ESO e de 1º e 2º de bacharelato.



Premios para cada categoría:

- 1º 350 euros
- 2º 250 euros
- 3º 150 euros

10. Habilítase unha categoría especial para produtos audiovisuais realizados polo profesorado. Esta categoría ten recoñecemento honorífico pero non dotación económica.

11. Prazo e lugar de entrega. Os traballos entregaranse ata o venres 26 de abril de 2019 na oficina administrativa do IES A. Xelmírez II, dentro dun sobre que indique por fóra: “IV Premio Ofelia Devesa de Educación Activa”, un pseudónimo identificador e a categoría pola que se concursa (Primeira ou Segunda). Tamén se incluírá un sobre á parte co pseudónimo escrito pola parte de fóra, e no interior unha ficha co mesmo pseudónimo e o nome completo da persoa ou persoas autoras do traballo, e curso e grupo no que están matriculados.

12. De haber un número elevado de traballos presentados, o propio centro designará unha comisión que seleccionará cinco traballos finalistas por categoría.

13. Xurado. Estará formado por cinco persoas: D. Carlos Lema Devesa (ou persoa na que el delegue), a directora do IES A. Xelmírez II, un membro do profesorado do Departamento de Artes Plásticas, unha persoa representante do colectivo de nais e pais e un ex-alumno/a do centro.

14. Fallo do xurado e entrega de Premios. O xurado resolverá o fallo antes do día 16 de maio de 2019. O acto de entrega dos Premios, no que estes se farán públicos, anunciarase con antelación e publicidade suficiente. Os traballos participantes no concurso serán proxectados no IES A. Xelmírez II e poderán ser difundidos na web e redes sociais do centro.

15. Cómpre recoller os Premios persoalmente no acto de entrega, agás falta xustificada documentalmente.

16. As decisións e o fallo do xurado son inapelables. A participación no Premio supón a aceptación destas Bases.

Santiago de Compostela, novembro de 2018